

48 | DECEMBRO 2021

# NUMAX PRESENTA:

# Estreas



➕ Presentación e coloquio co director 3 DEC | 19:25

## MARÍA SOLINHA ESTREA 3 DEC

**Ignacio Vilar, 123′, VO, GAL, +16**

Con Grial Montes, Laura Míguez

Un afamado director chega a Cangas do Morrazo para reconstruír no teatro a historia de María Solinha, acusada de bruxaría e queimada pola Inquisición no século XVII. A protagonista da obra sofre, no século XXI, acedos ecos da agresión que sufriu Solinha no pasado.



## ZEROS AND ONES ESTREA 10 DEC

**Abel Ferrara, 85′, ING, VOSE**

Con Ethan Hawke, Valerio Mastandrea

JJ, un soldado norteamericano destinado en Roma, ve saltar polos aires a cidade do Vaticano en plena noite. Así embárcarase nunha heroica viaxe para descubrir e enfrentarse a un inimigo descoñecido que está a ameazar o mundo enteiro.

🏆 **Mellor Dirección Locarno 2021**



➕ Presentacións e coloquios co equipo do filme

## ¿QUÉ HICIMOS MAL? ESTREA 10 DEC

**Liliana Torres, 90′, ESP, VO, +16**

Con Xulio Abonjo, Adrían Ríos

Lili tivo unha relación estable durante algúns anos. Aínda que todo parece funcionar coa súa actual parella, hai unha infelicidade subxacente na súa vida cotiá que a afasta de ser feliz. Liliana revisará o seu pasado para preguntarse, que fixemos mal?

🏆 **Sección Oficial Sevilla 2021**



➕ Subtítulos ao galego grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

## PRETO DE TI ESTREA 17 DEC

**Uberto Pasolini, 96′, ING, VOSG**

Con Leïla Bekhti, Damien Bonnard

John dedícase a limpar fiestras e criar o seu fillo Michael, a quen a súa nai abandonou xusto despois de nacer. Por desgraza, a John só lle quedan uns poucos meses de vida polo que decide investir o tempo que lle resta en buscar unha nova familia que adopte a Michael.

🏆 **Premio do Público SEMINCI 2021**



## 100 DÍAS CON LA TATA ESTREA 29 DEC

**Miguel Ángel Muñoz, 83′, ESP, VO, TP**

Con Luisa Cantero, Miguel Ángel Muñoz

Os pais do actor Miguel Ángel Muñoz tiveron que recurrir á "Tata" para coidar do seu fillo mentres eles traballaban. Desde entón, a Tata (97) e Miguel Ángel (38) nunca se separaron. A pandemia fará que estean máis unidos ca nunca.



## MY BEAUTIFUL BAGHDAD ESTREA 31 DEC

**Samir, 108′, AR / ING, VOSE, +16**

Con Haytham Abdulrazaq, Waseem Abass

Abu Nawas é un acolledor café do centro de Londres, popular punto de encontro dos exiliados iraquís. Varias formas de vida, tradicional e moderna, atea e musulmana, chocan entre si dando lugar a unha serie de acontecementos que mudarán por completo a vida de moitas persoas.

🏆 **Sección Oficial Locarno 2019 Mellor Montaxe**

🏆 **3 Nominacións Premios do Cinema Suízo**

# Petís NUMAX



## VALENTINA

ESTREA 10 DEC

**Chelo Loureiro, 70′, GAL, VO, TP**

Valentina soña con ser trapecista e cre que por ser Down non poderá conseguilo, pero a súa avoa, compañeira de xogos, aprendizaxes e cancións, asegúralle que, se as eirugas conseguen converterse en bolboretas, nada é imposible.

# Pases Especiais



## PANTERAS PASES ÚNICOS 4 - 5 DEC

**Andoni Canela, 99′, ESP, VO, TP**

Andoni Canela e o seu fillo Unai percorren o mundo na procura dos grandes felinos en liberdade que aínda habitan no noso planeta: o xaguar de Mato Grosso, o guepardo do Kalahari, o tigre de Rajastán, o puma da Patagonia, o leopardo de Yala, o lince ibérico de Sierra Morena e o león de Masái Mara.

## Os ollos verdes




### MAGALUF GHOST STORY ESTREA 3 DEC

**Miguel Ángel Blanca, 70′, ESP, VO, +16**

Magaluf é unha pequena e tranquila localidade de Mallorca que moitos se aventuraron a chamar a Twin Peaks balear. Un millón de turistas invaden as súas rúas cada verán como se foran espectros que transforman o espazo público nun parque temático onde case todo está permitido.



Presentación e coloquio coas autoras

### DOROTHÉ NA VILA

PASE ÚNICO 13 DEC

**Olaia Tubío & Alejandro Gándara, 85′, GAL, VO**

A musicóloga suíza Dorothé Schubarth chegou a Galicia a finais dos 70 na busca de cancións tradicionais que desapareceran no centro de Europa. Corenta anos despois, dúas mozas inician unha viaxe tras os pasos de Schubarth para encontrar as voces que ela recolleu e descubrir as súas historias de vida.



Presentación a cargo do director

### ANUNCIARON TORMENTA

PASE ÚNICO 20 DEC

**Javier Fernández Vázquez, 85′, ES, VO**

Ësáasi Eweera, un dos últimos reis da tribo Bubi, en Guinea Ecuatorial, morreu en 1904 en estrañas circunstancias. *Anunciaron tormenta* é á vez un exercicio de investigación histórica e unha acusación do colonialismo que a rodea.

**Premio Latexos Novos Cinemas 2020**



Presentación e coloquio con Carmen Bellas

### MEMORIAS DE ULTRAMAR

PASE ÚNICO 27 DEC

Carmen Bellas & Alberto Berzosa, 49′, ESP, VO

Documental producido por Filmoteca Española e realizado con imaxes caseiras filmadas por habitantes das colonias, provincias e territorios baixo dominación española entre 1940 e 1975. Existe algunha pegada do colonial nas imaxes domésticas?

### CURTAMETRAXES CHEMA GARCÍA IBARRA

PASE ÚNICO 7 DEC
CON PRESENTACIÓN A CARGO DO DIRECTOR

**Chema García Ibarra, 51′, ESP, VO**

# Retrospectiva Aki Kaurismäki



## JUHA 7 DEC

**Aki Kaurismäki, 78', FI, VOSE, 1999**

Con Sakari Kuosmanen, Kati Outinen

Juha é un granxeiro que está casado con Marja, unha fermosa muller moito máis nova que el. Un día, un home de negocios chamado Shemeikka chega á súa casa para pedirlles axuda co seu coche avariado. Mentes Juha repara o automóbil, Shemeikka tenta convencer a Marja para que foxa con el á gran cidade.



## UN HOME SEN PASADO 14 DEC

**Aki Kaurismäki, 97', FI, VOSE, 2002**

Con Markku Peltola, Kati Outinen

Un home que perdeu completamente a memoria debe reiniciar a súa vida nunha zona marxinal, xunto a seres humanos afastado da sociedade.

🏆 **Oscar 2002 (Mellor filme de fala non inglesa), Donostia 2002 (Premio FIPRESCI)**



## LUCES AO SOLPOR 21 DEC

**Aki Kaurismäki, 80', FI, VOSE, 2006**

Con Janne Hyytiäinen, Maria Järvenhelmi

Koistinen, un garda de seguridade nocturno, percorre as rúas na procura dun lugar ao sol. Un grupo de mafiosos, coa axuda dunha muller fría e calculadora, organiza un roubo do que acusan só a Koistinen.

🏆 **Cannes 2006 (Sección Oficial)**



## LE HAVRE 28 DEC

**Aki Kaurismäki, 78', FI, VOSE, 1999**

Con André Wilms, Blondin Miguel

Marcel Marx, famoso escritor bohemio, exiliouse voluntariamente á cidade portuaria de Le Havre onde vive satisfeito traballando como limpabotas. Un día coñece a Idrissa, un neno migrante perseguido pola policía.

🏆 **Cannes 2011 (Premio FIPRESCI)**

A COR DAS PALABRAS 2021

ENCONTROS CON CINEASTAS

# CHEMA GARCÍA IBARRA

## "Descampados, ovnis e fabricación de calzado"

+ Presentación das súas curtametraxes: Martes 7 de decembro ás 20:15

## Mércores 8 de decembro - 11:30

**CINEMA NUMAX**
**CONCEPCIÓN ARENAL, 9**

*O encontro vai ser retransmitido en directo na páxina de Facebook de @numaxcoop

Entrada gratuíta até completar aforo.

Reservas en acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

# Na libraría



**01 DEC | 20:15**

Presentación de
*Un Edén diferente (a different Eden- Ecopoetry from Ireland and Galicia, Dedalus Press)*
Editado por **Keith Payne, Lorna Shaugnessy** e **Martin Veiga**. na presentación participan **Keith Payne**, **Ana Romaní**, e **Cesar Souto Vilanova.**

---



**15 DEC | 20:30**

Presentación de *A poesía como arte insurxente*, de **Lawrence Ferlinghetti,** editado por **Rodolfo e Priscila editora** e traducido por **Daniel Salgado.** Participan no encontro o traductor da obra, **Daniel Salgado** e os editores, **Berta Dávila** e **Carlos Meixide.**

---



**17 DEC | 20:30**

Presentación de *A cidade oculta*, de **Estevo Creus**, editado por **Urutau Editora**. Presentación e recitado musical con **Estevo Creus** e **Benxamín Otero**




## TRES ANDARES

**ESTREA 10 DEC**

**Nanni Moretti, 119', VOSE, IT, +16**

Con Riccardo Scamarcio, Alba Rohrwacher

Tres familias viven nun edificio de tres andares. Ao longo de dez anos, a vida obriga a todos os seus personaxes a se enfrontar a conflitos que afectan as relacións entre irmáns, pais e fillos, maridos e esposas. As decisións que tomarán cada un deles terán repercusións nas súas vidas.

Unha nova mostra de sabedoría fílmica e vital do gran Nanni Moretti, autor de *Caro diario*, *La habitación del hijo*, *Mia madre*.

**Sección Oficial Cannes 2021**

# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
**www.numax.org**

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Síguenos en @numaxcoop

Co patrocinio de

Agencia Gráfica